

# ESCOLA DE EMPREENDEDORES

EDICIÓN CAMPUS DO MAR



# PRESENTACIÓN



## **“ESCOLA DE EMPRENDEDORES. EDICIÓN CAMPUS DO MAR” É LIFELONG LEARNING PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO**

“Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar” é un programa de formación para o fomento da cultura emprendedora no ámbito universitario que pretende ofrecer formación práctica orientada a fortalecer e fomentar a adquisición das competencias profesionais que resultan necesarias para poñer en marcha un proxecto empresarial.



## **“ESCOLA DE EMPRENDEDORES. EDICIÓN CAMPUS DO MAR” É UNHA APOSTA POLO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

“Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar” é un programa de formación a través do cal se pretende contribuír a impulsar o crecemento económico, o emprego e a internacionalización en Galicia e o norte de Portugal. O seu obxectivo é promover a creación de proxectos empresariais que xeren valor social e económico a través da posta en marcha de actividades relacionadas co ámbito mariño/marítimo.



## **“ESCOLA DE EMPRENDEDORES. EDICIÓN CAMPUS DO MAR” É UN MODELO DE COLABORACIÓN UNIVERSIDAD-EMPRESA**

“Escola de Emprendedores Edición Campus do Mar” é un programa de formación organizado de forma conxunta polo Consello Social da Universidade da Coruña, o Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar” e a Fundación Universidade da Coruña. No desenvolvemento desta iniciativa colaboran a Asociación Galega da Empresa Familiar e a Fundación Ronsel.

# OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

O obxectivo principal de “Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar” é fomentar o desenvolvemento e fortalecemento de competencias, habilidades, recursos e ferramentas que se requiren para a posta en marcha dun proxecto empresarial.

“Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar” baséase no modelo “**learning by doing-out of the box**”. Esta metodoloxía incorpora elementos innovadores ao proceso de ensinanza- aprendizaxe, que permiten ao alumno acceder a unha experiencia formativa baseada na participación activa.

Para contribuír á consecución dos obxectivos do Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar”, o conxunto de actividades e dinámicas que forman parte do programa de formación irán orientadas a transformar as ideas de negocio que xurdan antes ou durante o programa, nun **proxecto viable** que culmine coa creación de empresas vinculadas ao ámbito mariño / marítimo.

Os alumnos de “Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar” terán oportunidade de acceder con carácter preferente a **conferencias e obradoiros** impartidos por expertos de recoñecido prestixio a nivel internacional no ámbito do fomento do emprendemento de base tecnolóxica. Neste sentido, é importante destacar que resulta de especial interese para a organización a promoción da creación de empresas baseadas na explotación do coñecemento científico e tecnolóxico que tomaron o ámbito mariño/marítimo como ámbito de estudo.

A asistencia a estas actividades será de carácter obrigatorio para os alumnos matriculados no curso de emprendemento e estarán abertas tamén á participación online do persoal docente e investigador do Campus do Mar, así como a aqueles alumnos interesados que non estean matriculados no curso de emprendemento.

# DESTINATARIOS DO PROGRAMA



**Estudantes universitarios**, de calquera nacionalidade, que actualmente estean cursando estudos de Licenciatura, Enxeñaría, Arquitectura, Grao ou Posgrao (Mestrado ou Doutoramento), impartidos por calquera das universidades de Galicia.



**Titulados universitarios**, de calquera nacionalidade, que finalizasen estudos de Licenciatura, Enxeñaría, Arquitectura, Grao ou Posgrao (Mestrado ou Doutoramento) en calquera das **universidades de Galicia**, durante os cursos: 2010/2011, 2011/2012 o 2012/2013.



**Titulados universitarios**, de calquera nacionalidade, residentes en Galicia, que finalizasen estudos de Licenciatura, Enxeñaría, Arquitectura, Grao ou Posgrao (Mestrado ou Doutoramento) **fora do SUG** (Sistema Universitario de Galicia), durante os cursos: 2010/2011, 2011/2012 o 2012/2013.

# LUGAR DE REALIZACIÓN

Dado o carácter interuniversitario do presente curso, as xornadas presenciais realizaranse de forma alterna nos **Campus Universitarios da Coruña y Vigo**. A organización correrá cos **gastos dos desprazamentos** que deban realizar os alumnos matriculados no programa, a efectos de facilitar a realización das actividades que se desenvolvan nunha cidade distinta á do seu domicilio.



# ESTRUTURA DO PROGRAMA

**Horas totais de formación** 250 h.

**Número de alumnos/as por curso** 25

**Duración do Programa** Do 2 de abril ao 13 de xuño de 2014

**Lugar de realización**

**A Coruña:** Fundación Universidade da Coruña. Edificio NORMAL. Campus de Riazor. C/ Paseo de Ronda, 47-2º. A Coruña

**Vigo:** Facultade de CC. Económicas y Empresariais. Campus Lagoas-Marcosende, Vigo. Aula seminario 7

“Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar” combina seis metodoloxías distintas, que xeran un valor engadido propio orientado á consecución dos obxectivos académicos formulados. O programa de formación constará dos seguintes módulos:



## SESIÓNS PRESENCIAIS

Ao longo do programa impartiranse catro sesións presenciais cunha duración de cinco horas. En cada sesión se traballarán os coñecementos, habilidades e actitudes necesarias para facer viable un proxecto empresarial.

**Sesión** 1. Xeración, maduración e avaliación de ideas empresariais

**Lugar** A Coruña

- Contidos**
- Modelos de xeración de ideas.
  - Método Canvas.
  - Visual Thinking.
  - Técnicas de maduración de ideas. Franquías. Guías de actividade empresarial.
  - Ferramentas para a avaliación de ideas. Punto morto.

**Sesión** 2. Planificación de proxectos. Análise de viabilidade de proxectos empresariais

**Lugar** A Coruña

- Contidos**
- Estrutura básica do plan de empresa.
  - Análise da viabilidade técnica do plan de empresa.
  - Análise da viabilidade comercial do plan de empresa.
  - Análise da viabilidade económica do plan de empresa.
  - Análise da viabilidade financeira do plan de empresa.
  - Análise da viabilidade social do plan de empresa.

**Sesión** 3. Competencias profesionais

**Lugar** Vigo

- Contidos**
- Comunicación interpersonal: habilidades de comunicación no ámbito das relacións laborais.
  - Traballo en equipo: análise, organización e distribución de roles.
  - Competencias emprendedoras: liderado, motivación, creatividade, análise de problemas e toma de decisións.

**Sesión** 4. Preparación da presentación pública de proxectos

**Lugar** A Coruña

- Contidos**
- Dinámica de grupo para a presentación pública de proxectos xerados polos alumnos en equipos.
  - Rolda de preguntas sobre cada proxecto presentado.
  - Feedback de cada proxecto presentado.
  - Análise das áreas de mellora.
  - Conclusións da sesión.



## WORKSHOPS. OBRADOIROS PARA O EMPRENDIMENTO

A través dos “workshops”, o alumnado poderá familiarizarse co manexo de ferramentas útiles para a preparación dun proxecto empresarial, aprenderá a aproveitar o potencial das redes sociais como fórmula para posicionar o seu proxecto e terá a oportunidade de familiarizarse cos diferentes programas de axudas e subvencións que permiten dar soporte á posta en marcha dunha empresa.

### Sesión 1. Net-Map Toolbox

Lugar A Coruña

#### Contidos

- Presentación da metodoloxía Net-Map Toolbox.
- Construción de proxectos en 3D.
- Presentación das construcións realizadas.

### Sesión 2. Comunicación de proxectos

Lugar A Coruña

#### Contidos

- Desenvolvemento de habilidades para a comunicación eficaz de proxectos.
- Casos prácticos.

### Sesión 3. Marca persoal

Lugar Vigo

#### Contidos

- Principais elementos para a conceptualización da marca persoal.
- Identidade dixital.

### Sesión 4. Programas de axuda e subvención para a posta en marcha de proxectos

Lugar Vigo

#### Contidos

- Clasificación e tipoloxía de liñas de axuda e subvención.
- Administración Xeral do Estado. ICO. ENISA.
- Administración Autonómica. Consellería de Traballo e Benestar Xunta de Galicia.
- Análise práctica da preparación e solicitude dun expediente de subvención.



## SIMULADORA DE EMPRESAS- MÉTODO LEAN (FORMACIÓN ONLINE)

Os alumnos de “Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar” recibirán **formación online** que contribuirá á planificación do seu proxecto empresarial. A metodoloxía LEAN supón un novo enfoque que estase a adoptar en todo o mundo para cambiar a forma na que as empresas crean e lanzan os seus produtos.

“Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar” recorrerá a esta metodoloxía, permitindo ao alumnado integrarse nun proceso de aprendizaxe con mentores onde se recreará a planificación do proxecto empresarial e a comprobación do servizo ou produto a través dunha **experiencia simulada por equipos**.

“Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar” incorporará o material docente necesario para conectar os coñecementos adquiridos en xestión empresarial con proxectos, iniciativas e boas prácticas focalizadas no mar.



## OUTDOOR TRAINING

Os alumnos terán oportunidade de adquirir formación fora da aula para conseguir equipos de alto rendemento. Traballaranse coñecementos, habilidades e actitudes nun ámbito diferente ao habitual, facilitando **contextos de aprendizaxe alternativos**. Desta forma, facilitaranse o establecemento de dinámicas e sinerxías positivas na xeración de equipos de alto rendemento.



## EXPERIENCIAS EMPRENDEDORAS E VISITAS A EMPRESAS

Os alumnos de “Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar” analizarán **casos reais de éxito** no ámbito do emprendemento, que serán contados polos seus propios protagonistas. Ademais terán a oportunidade de ver in situ o funcionamento dos principais grupos empresariais de Galicia. As experiencias analizadas e as visitas propostas estarán relacionadas fundamentalmente con actividades económicas vinculadas ao ámbito mariño.

O programa inclúe ademais sesións extraordinarias consistentes en conferencias e obradoiros realizados por expertos de recoñecido prestixio internacional.



## OBRADOIROS SECTORIAIS

Ao finalizar o programa de “Escola de Emprendedores. Campus do Mar” desenvolverase unha serie de obradoiros sectoriais. Os contidos dos obradoiros inclúen, desde un enfoque multidisciplinar, diferentes aspectos do **emprendemento e a innovación** en relación cos proxectos de negocio desenvolvidos na “Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar”, e as áreas de coñecementos e investigación ligadas ao Campus do Mar.

A participación nos obradoiros está aberta a estudantes, posgraduados, investigadores e outros emprendedores do Campus do Mar cunha idea de negocio innovador dentro das temáticas formuladas. O obxectivo dos obradoiros é o de facilitar a **estruturación de ideas de negocio** nos sectores económicos mariños e marítimos, analizar a súa viabilidade e proporcionar información sobre as ferramentas de xestión necesarias para a súa potencial implementación, contando coa colaboración e o asesoramento de expertos en cada un dos sectores abordados.



## ACCIÓN DE ACOMPAÑAMENTO RED ALUMNI

Nesta segunda edición poranse en marcha accións de formación dirixidas a antigos alumnos de Escola de emprendedores. O obxectivo destas sesións é favorecer a formación continua dos antigos alumnos e complementar os coñecementos adquiridos ao longo do programa.

\_ Sesión Alumni: Emprendemento e redes sociais (A Coruña)

\_ Sesión Alumni: Introducción ao financiamento privado (Vigo)



## MÉTODO LEAN MONITOR INTELLIGENT STARTUP ASSISTANT: TITORÍAS PARA A ELABORACIÓN DO PROYECTO

Os alumnos terán a oportunidade de recibir **cinco titorías** individualizadas para o desenvolvemento dun proxecto empresarial. Co obxecto de facilitar a súa realización, as titorías realizaranse a través da plataforma **Lean Monitor Intelligent Startup Assistant**

Para a edición Campus do Mar todos os proxectos estarán enfocados en actividades económicas relacionadas co ámbito mariño/marítimo.

### Titoría 1

- Modelo de negocio

### Titoría 2

- Desenvolvemento de cliente

### Titoría 3

- Desenvolvemento áxil de produto

### Titoría 4

- Contabilidade de innovación

### Titoría 5

- Escalado de vendas



## AVALIACIÓN DE PROXECTOS POR EXPERTOS EN EMPRENDEMENTO

Tras a finalización do período de formación, os integrantes de cada proxecto elaborarán e defenderán un plan de negocio para a súa avaliación por un comité de expertos en emprendemento.

# CALENDARIO ACADÉMICO

Preinscripción	Do 11 ao 28 de marzo de 2014
Preselección e entrevistas	24 e 28 de marzo de 2014
Comunicación de admitidos	25 e 31 de marzo de 2014
Matrícula	Do 25 de marzo ao 1 de abril de 2014

Data	Actividade	Localidade
02.04.2014	Sesión 1: Xeración, maduración e avaliación de ideas empresariais	A Coruña
03.04.2014	Sesión 2: Planificación de proxectos. Análise de viabilidade de proxectos empresariais	A Coruña
04.04.2014	OutDoor training	A Coruña
05.04.2014	OutDoor training Experiencias- visitas a empresas	A Coruña
22.04.2014	Obradoiro 1. Net- Map Toolbox Sesión Alumni: Emprendemento e redes sociais	A Coruña
24.04.2014	Obradoiro 2. Comunicación de proxectos Experiencias emprendedoras	A Coruña
29.04.2014	Sesión 3. Competencias profesionais	Vigo
30.04.2014	Obradoiro 3. Marca persoal Sesión Alumni: Introducción ao financiamento privado	Vigo
08.05.2014	Obradoiro 4. Programas de axuda e subvención para a posta en marcha de proxectos. Experiencias- visitas a empresas	Vigo
22.05.2014	Sesión 4. Presentación pública do proxecto	A Coruña
13.06.2014	Presentación do proxecto. Acto de clausura do programa	A Coruña

Data	Titoría para a elaboración do proxecto	Modalidade
10.04.2014	Titoría 1: Modelo de negocio	Presencial/Virtual
06.05.2014	Titoría 2: Desenvolvemento de cliente	Presencial/Virtual
13.05.2014	Titoría 3: Desenvolvemento áxil de produto	Presencial/Virtual
15.05.2014	Titoría 4: Contabilidade de innovación	Presencial/Virtual
20.05.2014	Titoría 5: Escalado de vendas	Presencial/Virtual

# PREINSCRICIÓN, SELECCIÓN E MATRÍCULA

## PREINSCRICIÓN

Os alumnos e titulados interesados en formar parte do programa de formación “Escola de Emprendedores. Edición Campus do Mar” deberán remitir o documento “Solicitud de Aceptación de Candidatura” á dirección de correo electrónico [slopezj@udc.es](mailto:slopezj@udc.es) antes das 12:00 horas do día 28.03.2014.

O documento “Solicitud de Aceptación de Candidatura” deberá acompañarse da seguinte documentación:



ESTUDANTADO UNIVERSITARIO DAS UNIVERSIDADES DO SUG (Sistema Universitario de Galicia)

1. Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI), Número de Identificación de Estranxeiros (NIE), ou no seu defecto, pasaporte.
2. Fotocopia do resgardo que acredite a matrícula nun programa de formación oficial (Licenciatura, Enxeñaría, Arquitectura, Grao, Mestrado ou Doutoramento) impartido por calquera das universidades galegas.
3. Fotocopia do expediente académico.
4. Curriculum Vitae (Extensión máxima: 1 páxina).



TITULADOS UNIVERSITARIOS QUE FINALIZARON ESTUDOS NOS CURSOS 2010-2011, 2011-2012 Y 2012-2013

1. Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI), Número de Identificación de Estranxeiros (NIE), ou no seu defecto, pasaporte.
2. Fotocopia do título universitario ou resgardo de solicitude que acredite a súa obtención (Licenciatura, Enxeñaría, Arquitectura, Grao, Mestrado ou Doutoramento). O título deberá ter sido obtido en calquera universidade do SUG (Sistema Universitario de Galicia).
3. Fotocopia do expediente académico.
4. Curriculum Vitae (Extensión máxima: 1 páxina).

## PRESELECCIÓN E ENTREVISTA

A presentación da solicitude por parte dos interesados non implica a aceptación automática da proposta de candidatura. A Organización, a través dunha Comisión de Selección, valorará as candidaturas presentadas durante o período de preinscripción. A comisión estará formada por un membro nomeado por cada unha das seguintes entidades: Consello Social da UDC, Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar”, Fundación Universidade da Coruña e Fundación Ronsel.

A Comisión de Selección valorará as candidaturas en atención aos seguintes criterios de selección:

1. Excelencia académica valorada a partir do expediente académico.
2. Experiencia profesional/formación en ámbitos relacionados cos clústeres de investigación do Campus do Mar.
3. Entrevista persoal.
4. Valoraranse positivamente coñecementos de inglés como lingua de traballo.
5. Sen ser excluínte, valorarase a descrición ou presentación dunha idea de negocio e a novidade da mesma.

Os alumnos serán notificados vía correo electrónico da data, hora e lugar no que se realizarán as entrevistas persoais.

## PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA

Unha vez finalice o procedemento de selección, os alumnos serán notificados do resultado vía correo electrónico. Aqueles alumnos que resulten seleccionados deberán proceder a formalizar a matrícula e realizar o pago correspondente a través da páxina: [www.fundacion.udc.es](http://www.fundacion.udc.es).

**Importe da matrícula:** 70 euros

**Gastos por desprazamento:** A organización correrá cos gastos de transporte que os alumnos deban realizar para asistir ás actividades organizadas no marco do programa cando estas se desenvolvan nunha provincia diferente á do seu domicilio.





#### QUE É O CONSELLO SOCIAL DA UDC?

O Consello Social da Universidade da Coruña é o órgano de participación da sociedade na UDC. O Consello Social é a ponte de unión entre a sociedade galega e a Universidade. O Consello Social ten como obxectivos impulsar a estratexia de desenvolvemento na UDC, favorecendo a súa interrelación coa sociedade para a busca dunha mellor calidade de ensinanza e investigación universitarias a a súa eficaz transferencia e posta en valor polas empresas, de forma que a UDC contribúa decisivamente no desenvolvemento económico, social e cultural do seu entorno.



#### QUE É CAMPUS DO MAR?

O **Campus do Mar** é un Campus de Excelencia Internacional liderado pola Universidade de Vigo e promovido, ademais, polas Universidades da Coruña e Santiago de Compostela, así como o Consejo Superior de Investigaciones Científicas e o Instituto Español de Oceanografía. O polo portugués do Campus do Mar está formado polas Universidades de Oporto, Aveiro, Minho, Tras os Montes e Alto Douro e os Institutos Politécnicos de Leiría e Viana do Castelo. O Campus do Mar pretende ser o dinamizador dunha rede transfronteiriza e integrada de unidades de investigación, docencia e transferencia de tecnoloxía, que forme aos mellores profesionais e investigadores no ámbito das Ciencias e Tecnoloxías do Mar nas súas diferentes aplicacións económicas e sociais.



#### QUE É A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA?

A **Fundación Universidade da Coruña** é unha fundación privada de carácter benéfico- docente, constituída para a promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña e as súas relacións coa sociedade.



#### QUE É A FUNDACIÓN RONSEL?


A **Fundación Ronsel** proporciona a súa experiencia de 14 anos orientando, asesorando e acompañando a emprendedores e emprendedoras no seu proceso de creación de empresas, en colaboración e co apoio de diferentes entidades públicas e privadas.



#### QUE É A ASOCIACIÓN GALEGA DA EMPRESA FAMILIAR?

A **Asociación Galega da Empresa Familiar** é unha asociación sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é contribuír ao fortalecemento e continuidade das empresas familiares, á mellora do seu ámbito legal e fiscal, ser o seu vehículo de expresión ante a opinión pública e fomentar o espírito empresarial. Os seus socios son presidentes, conselleiros delegados ou membros do consello de administración das empresas das que son propietarios, todas elas líderes nos seus sectores da industria e servizos.

[www.escolaemprendedores.com](http://www.escolaemprendedores.com)

 Consello Social  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

 Fundación  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

  
**CAMPUS DO MAR**  
INNOVATION IN DEPTH

  
Fundación  
**Ronsel**  
INNOVATION IN DEPTH

  
ASOCIACIÓN GALLEGA  
DE LA EMPRESA FAMILIAR